

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 29
DE NOVIEMBRE DE 2024**

Ás 10.00 horas do día 29 de novembro de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Bleuca

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Marina Vaz Quintillán, quen escusou a súa ausencia.

O deputado de DO , don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións ao finalizar o tratamento do punto quinto da orde do día e non regresou.

O tratamento dos asuntos incluídos na orde do día foi do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 25 de outubro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 25 de outubro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA ADHESIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE ÁS DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS DA FEMP E DA FEGAMP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (25 DE NOVIEMBRE DE 2024).

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración: a xunta de portavoces da Deputación de Ourense en reunión ordinaria realizada en data 25 de novembro de 2024, acordou, coa unanimidade de todos os grupos políticos da Corporación (PP, PSdeG-PSOE, BNG e DO) adherirse ás declaracións institucionais da FEMP e da FEGAMP con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, reforzando o noso compromiso de loita contra a violencia machista, promovendo máis coordinación entre as administracións para que as mulleres

vítimas reciban a atención e apoio integral, especializado e que cubra todas as súas necesidades, e facendo un chamamento para que se denuncien todas as formas de violencia contra as mulleres.

3º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2024 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro, que se realizará o día 20 de decembro de 2024, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar o día 12 (xoves), coa mesma orde que todos os meses.

4º.- EXPEDIENTE NÚMERO 8/2024 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [Ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 8/2024 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte detalle.

Con base as solicitudes formuladas polos distintos alcaldes/ presidentes das entidades locais da provincia propónse a desagregación dos beneficiarios das axudas **e** que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2024.

	ENTIDADES BENEFICIARIAS	IMPORTE
1	Sandiás	100.000,00 €
2	Cenlle	100.000,00 €
3	Montederramo	100.000,00 €
4	Vilamarín	100.000,00 €
5	Lobios	100.000,00 €
6	Mancomunidad Terra de Celanov	100.000,00 €
7	Beariz	100.000,00 €
8	Mancomunidad de Verín	100.000,00 €
9	Ribadavia	100.000,00 €
10	Os Blancos	100.000,00 €
11	O Barco de Valdeorras	100.000,00 €
12	Laza	100.000,00 €
TOTAL		1.200.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INORDE, PARA O EXERCICIO 2025

A este punto presentou emendas o BNG: unha á totalidade dos orzamentos e outra ás bases de execución. Presentouse tamén unha emenda da Presidencia. Na propia sesión presentou unha emenda in voce o Grupo Socialista, que non se chegou a votar ao non aceptalo o grupo propoñente (grupo de goberno), ao abeiro do previsto no Regulamento Orgánico provincial.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar as emendas presentadas polo BNG, que obteñen o seguinte resultado:

Emenda do BNG á totalidade dos orzamentos: resulta rexeitada cos voto a favor do BNG (3), voto en contra do Grupo Popular (12), e abstención do Grupo Socialista (6) e de DO (3).

Emenda do BNG ás bases de execución: resulta rexeitada co voto a favor do BNG (3), voto en contra do Grupo Popular (12), e abstención do Grupo Socialista (6) e de DO (3).

A continuación sométese a votación a emenda da Presidencia, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente sométese a votación a aprobación do orzamento coa emenda incorporada da Presidencia e co voto favorable do Grupo Popular (12), o voto en contra do BNG (3) e a abstención do Grupo Socialista (6) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense e do organismo autónomo INORDE para o ano 2025, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	39.679.000,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	25.798.370,58 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	150.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	21.746.707,69 €
Capítulo 5.- Fondo de consistencia	300.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	9.885.921,73 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	7.240.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00 €
Total gastos	105.100.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impostos directos	5.010.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.706.700,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	5.472.030,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	88.731.500,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	858.770,00 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	5.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	16.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00 €

Total ingresos	105.100.000,00 €
-----------------------	-------------------------

B) INORDE:

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.462.526,31 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	927.115,90 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	167.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	43.875,79 €
Capítulo 6.- Inversións reais	172.600,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	15.000,00 €
Total gastos	2.788.118,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.520,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.754.657,53 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	5.740,47 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	10.200,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	15.000,00 €
Total ingresos	2.788.118,00 €

2º.- Aprobación das bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobación dos cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2025.

A ese punto presentou unha emenda o BNG.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Unha vez finalizado o debate acórdase non votar a emenda presentada a cambio de eliminar a letra h) da base décimo primeira,

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (2) e a abstención do Grupo Socialista (6), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, cos anexos I, II e III incorporados ao expediente electrónico, co seguinte teor literal:

Primeira: DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E ÓRGANO COMPETENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES

O presente Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 é un plan propio destinado aos 91 concellos da provincia, cuxa poboación é menor a 20.000 habitantes, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LRBRL), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 24/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local (en diante LRSAL) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establecen a obriga das deputacións provinciais de “aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que estará a análise dos custos efectivos dos servizos dos concellos poderá financiarse con medios propios da Deputación, as achegas municipais e as subvencións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos orzamentos...”

O plan financiarase con achegas por parte da Deputación Provincial e, se é o caso, con achegas dos concellos. As achegas da Deputación Provincial procederán dos seus orzamentos para o exercicio 2025, nos que se efectuarán as consignacións orzamentarias necesarias.

O órgano competente para a aprobación das presentes bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 é o Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 33.2.d) da LRBRL.

Para os efectos deste plan considerarase como gasto elixible o correspondente as obrigacións recoñecidas a partir do 1 de xaneiro de 2025 (inclusive) e ata a data límite de xustificación das actuacións incorporadas ó plan consonte co disposto na base novena. Tratándose de investimentos, será requisito adicional que a disposición ou compromiso de gasto se verifique igualmente a partir do 1 de xaneiro de 2025 (inclusive).

Segunda: FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36.1.b) da LRBRL dispón que son competencias propias das deputacións provinciais a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos, segundo a letra a) do apartado segundo do dito artigo, a deputación aprobará anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

Co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, esta Corporación Provincial trata de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade.

O Plan provincial de cooperación pretende ser dinámico e cunha dotación económica axeitada.

A achega provincial asignada a cada municipio no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, deberá distribuírse do xeito seguinte:

- O 40% da dita achega, como mínimo, destinarase a investimentos reais, consonte co disposto no Capítulo VI do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro (modificada por Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo), preferentemente os necesarios para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da LRBRL, modificada por LRSAL. A dita achega constituirá o Programa de Investimentos do plan provincial.

- O 60% da dita achega, como máximo, destinarase a operacións correntes, consonte co disposto nos Capítulos I a V (ambos incluídos) do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro e/ou a amortización ou devolución de pasivos financeiros segundo o disposto no Capítulo IX do Anexo III da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, coa finalidade de prover á correcta prestación dos servizos municipais. A dita achega constituirá o Programa de Gasto Corrente e Amortización de Débeda do plan provincial. Neste programa, compréndense expresamente os gastos de persoal relativos a novas contratacións de persoal laboral ao ter a consideración de programa de fomento do emprego subsumible nas políticas activas de emprego desta Deputación, de conformidade co previsto nos artigos 4 e 36 do Real Decreto Lexislativo 3/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego.

· Con carácter excepcional, poderase dedicar o 100 % da achega ao Programa de gasto corrente e amortización de débeda en supostos de insuficiencia financeira manifesta, considerándose nesta situación exclusivamente aqueles concellos nos que se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos: que presenten un volume total de capital vivo de endebedamento superior ao 75 % dos seus recursos correntes, remanente de tesourería negativo, inestabilidade orzamentaria, e resultado orzamentario negativo, todos eles respecto ao último exercicio orzamentario liquidado.

A achega provincial ao Programa de investimentos e ao Programa de gasto corrente e amortización de débeda deberá completarse, de resultar insuficiente para o financiamento das actuacións incluídas neles, coas achegas municipais precisas. En consecuencia, poderán incluírse nos ditos programas investimentos e actuacións de importe superior á achega provincial, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

Para unha xestión áxil e eficaz, as actuacións incluídas no Programa de investimentos e no Programa de gasto corrente e amortización de débeda unicamente poderán ser financiadas pola Deputación e polo concello, non admitíndose investimentos con cofinanciamento doutras entidades, co fin de que o plan non se vexa afectado polas obrigas adicionais impostas por aquelas. Unicamente serán susceptibles de incluír nos respectivos programas de investimento ou gasto corrente, actuacións cofinanciadas por outras administracións cando se trate de investimentos ou programas que finalicen con anterioridade á data de xustificación establecida nestas bases para o presente Plan provincial, cando o dito cofinanciamento veña permitido pola normativa aplicable das outras administracións implicadas, non sexa contraria a ningunha das bases incluídas neste Plan, e a suma das subvencións concedidas non sexa superior á do gasto xustificado, minorándose neste caso esta subvención na contía necesaria para cumprir con esta regra.

A incorporación de actuacións ó programa de investimentos do plan provincial levará implícita a delegación da competencia a favor da deputación provincial de Ourense para a tramitación dos expedientes expropiatorios que resulten procedentes (salvo manifestación expresa en contrario da entidade respectiva), sendo por conta da entidade interesada tódolos custos derivados da tramitación dos ditos expedientes

Terceira: NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

As achegas da Deputación con cargo a este plan, teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal.

As ditas axudas rexeranse, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, xeral de subvencións, en primeiro termo polo disposto nestas bases e na lexislación específica de réxime local, resultando de aplicación supletoria o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2015 e corrección de erros BOP núm. 263, do 16 de novembro de 2015), na propia Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cuarta: ACHEGA PROVINCIAL E CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN

A achega provincial ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 ascenderá a cantidade de **17.958.889,10 €**.

A distribución do dito importe entre os concellos da provincia de Ourense con poboación inferior a 20.000 habitantes, farase segundo os seguintes criterios:

- Unha **asignación fixa**, cunha dotación global de **8.980.000,00 €**, que se distribuirá entre os concellos en consideración á súa poboación, consonte cos seguintes tramos:

De 0 a 1000 habitantes	90.000,00 €
De 1001 a 5000 habitantes	100.000,00 €
De 5001 a 10000 habitantes	110.000,00 €
De 10001 a 20000 habitantes	120.000,00 €

- Unha **asignación variable**, cunha dotación global de **8.978.889,13 €**, que se distribuirá entre os concellos en consideración cos seguintes criterios:

Poboación.....	50%
Núcleos de Poboación.....	20%
Índice de envellecemento.....	15%
Superficie.....	15%

A achega provincial correspondente a cada un dos concellos da provincia de poboación inferior a 20.000 habitantes é a que se reflicte no documento anexo a estas bases (anexo I) con especificación da achega total e da correspondente á asignación fixa e á asignación variable. Para os efectos de determinar a participación dos concellos en concepto de asignación variable, tiveronse en conta en canto a poboación, núcleos e superficie, os datos reflectidos na páxina web da FEGAMP (<https://www.fegamp.gal/>) a 31/12/2022 e en canto ao índice de envellecemento os datos reflectidos na páxina web do IGE -Instituto Galego de Estatística- (<https://www.ige.gal/>) na mesma data.

A achega provincial destinarase ao financiamento das actuacións incorporadas ao plan provincial a solicitude do concello respectivo, consonte coa distribución por programas e porcentaxes establecido na base segunda. A achega provincial ao Programa de investimentos e ao Programa de gasto corrente e amortización de débeda poderá completarse cunha achega municipal con cargo a fondos propios do concello respectivo, nos termos da base segunda.

Quinta: PRESENTACIÓN E CONTIDO DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN

Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de actuacións no Programa de investimentos e no Programa de gasto corrente e amortización de débeda. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as actuacións reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación e presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático, a través da súa sede electrónica: <https://sede.depourense.es/>

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN (1) MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación do acordo de aprobación definitiva das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a publicación no mes de vencemento. Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. Se o último día do prazo de presentación resultase inhábil, entenderase automaticamente prorrogado ó primeiro día hábil seguinte. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan provincial.

Documentación para incorporar ás solicitudes

As solicitudes formuladas polos concellos incluírán a seguinte documentación:

1.- Certificación, expedida polo secretario da corporación co visto e prace do seu presidente, verbo da resolución/acordo de adhesión ao plan adoptado polo órgano municipal competente (achégase modelo de resolución/acordo de adhesión como anexo II a estas bases)

As solicitudes incluírán un certificado do acordo adoptado polo órgano municipal competente no que manifeste a súa vontade de adherirse ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, con aceptación expresa das presentes bases, sen salvidade ou reserva ningunha. No dito acordo incluírase de forma separada para o Programa de investimentos e para o Programa de gasto corrente e amortización de débeda, a seguinte información:

1.1 Relación de actuacións incluídas no programa respectivo con achega provincial, indicando para cada unha delas a súa denominación e orzamento total (tributos incluídos), con especificación da achega provincial e, de ser o caso, municipal, expresadas en €. A denominación deberá ser suficientemente descritiva do investimento ou actuación para subvencionar e tratándose de obras, teranse en conta as seguintes determinacións:

- ✓ A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- ✓ As obras incluídas no plan deberán ser obras completas, entendendo por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente consonte co disposto no artigo 13.3 da LCSP, sen prexuízo do disposto no apartado 7º da D.A. 3ª do dito texto legal respecto dos concellos de menos de 5000 habitantes.

- ✓ Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
- ✓ No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

1.2 Relación de actuacións incluídas no programa respectivo sen achega provincial, indicando para cada unha delas a súa denominación e orzamento total. Poderán incluírse, en consecuencia, actuacións sen achega provincial co fin de acadar posteriormente o dito financiamento por anulación ou baixas nas adxudicacións de actuacións incluídas no mesmo programa ou, tratándose de investimentos, co fin de acadar a declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios.

1.3 Achega total provincial e achega total municipal (exclusivamente para as actuacións incluídas no programa con achega provincial)

1.4 Compromiso firme de incluír no orzamento municipal, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida, de ser o caso.

2.- Memoria descritiva das actuacións para incluír no plan asinada polo órgano municipal competente.

Na dita memoria incluírase a seguinte información:

- a) Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar co plan de cooperación, tendo en conta, moi especialmente, os déficits de infraestruturas, servizos e equipamentos.
- b) De forma separada para cada un dos programas do plan (investimentos e gasto corrente e amortización de débeda), xustificación de cada un dos investimentos e actuacións seleccionadas para a súa incorporación ao plan describindo, con suficiente grao de detalle, o seu obxecto e finalidade.

3.- Declaración do representante legal da entidade acreditativa de que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e da non concorrencia de ningún dos supostos de prohibición e incompatibilidade do artigo 13 da Lei xeral de subvencións segundo modelo anexo (anexo III).

Sexta: TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL

Elaboración do proxecto de Plan provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes a Sección de Contratación do Servizo Provincial de Investimentos, Contratación e Patrimonio, procederá á elaboración do proxecto de Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, que será sometido ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de febreiro de 2025.

No período de elaboración do proxecto, comunicaráselle telematicamente a través da sede electrónica aos concellos, as posibles deficiencias observadas nas solicitudes presentadas, para a súa corrección urxente dentro do dito prazo. De non efectuarse a corrección das deficiencias advertidas, non serán incorporadas ao plan as actuacións afectadas por tales deficiencias.

Aprobación do Plan provincial.

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan provincial será sometido a información pública por dez (10) días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

Sétima: EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL

As actuacións incluídas no **Programa de investimentos** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, serán executadas polos concellos con suxeición á LCSP e á normativa sectorial de aplicación. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite. Daráselle preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación), sen prexuízo de calquera outros que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na LCSP.

Os expedientes de **contratación das obras financiadas con cargo ao Programa de investimentos** deberán incluír, en todo caso, o pertinente proxecto técnico redactado por técnico competente, supervisado (no seu caso), aprobado e reformulado nos termos dos artigos 231 a 236 da LCSP e demais normativa de aplicación. De resultar preceptiva a supervisión do proxecto consonte co disposto no artigo 235 da LCSP, os concellos poderán solicitar para o dito trámite, a asistencia da Oficina de Supervisión de Proxectos do Servizo provincial de Vías e Obras. No acordo de aprobación do proxecto deberá constar expresamente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na base quinta. Así mesmo, deberá constar no expediente de contratación con carácter previo á súa aprobación, a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras (sen prexuízo do disposto no artigo 236.2 da LCSP) e unha certificación expedida polo funcionario competente da entidade local solicitante acreditativa de que a actuación é conforme coa normativa urbanística e sectorial que resulte de aplicación e de que o concello dispón de todas as autorizacións necesarias para a súa execución.

Os expedientes de **contratación doutras actuacións incluídas no Programa de investimentos** deberán dispor do pertinente prego de prescricións técnicas (ou documento equivalente nos contratos menores) onde quede definido o obxecto do contrato nas súas características mínimas obrigatorias, consonte co disposto no artigo 125 e concordantes da LCSP e 68 do RD 1098/2001, do 12 de outubro.

Trala adxudicación dos expedientes de contratación correspondentes a cada unha das actuacións incluídas no Programa de investimentos, achegarase á Sección de Contratación do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, a través do rexistro electrónico xeral da deputación, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación con especificación do orzamento base de licitación, do prezo de adxudicación e da identidade do contratista adxudicatario.
- Proxecto técnico, prego de prescricións técnicas ou documento equivalente, segundo proceda.

A tramitación das fases de cumprimento e extinción dos contratos relativos ás actuacións incorporadas ao Programa de Investimentos –incluídos os incidentes que poidan tramitarse durante estas, tales como os de interpretación, modificación, cesión, suspensión, aplicación de penalidades, resolución do contrato ou calquera outra-, corresponderalle exclusivamente ao municipio respectivo, en canto administración contratante. Non obstante o anterior a Deputación poderá, en calquera momento, supervisar a execución dos contratos financiados con cargo ao plan provincial e realizar controis de calidade dos investimentos a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade.

As actuacións incluídas no **Programa de gasto corrente e amortización de débeda**, serán executadas polo concello respectivo con suxeición á normativa que, en cada caso, resulte de aplicación.

Oitava: MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL E UTILIZACIÓN DE REMANENTES

En canto ao Programa de investimentos, se de forma sobrevida e trala aprobación do plan provincial, non fose posible executar algunha das actuacións incluídas nel ou resultase conveniente para o interese público municipal a súa substitución por outra distinta, o concello interesado presentará a través do rexistro electrónico xeral a pertinente solicitude de modificación do plan provincial, con especificación da causa que a motiva, identificando a actuación que deba causar baixa no plan e a actuación que deba incorporarse a aquel na súa substitución, indicando para cada unha delas a súa denominación e orzamento total (tributos incluídos), con especificación da achega provincial e, se é o caso, municipal, expresadas en €. Igualmente, incluírase na solicitude o compromiso do concello de completar a achega provincial asignada a actuación que causará baixa no plan coa achega que proceda con cargo aos orzamentos municipais ata completar o financiamento necesario para actuación cuxa incorporación ao plan se solicita.

A dita solicitude, será sometida a aprobación da Xunta de Goberno provincial - dándolle conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que este realice- que só poderá rexeitala se a actuación, en atención ao seu obxecto e natureza, non resultase subvencionable con cargo ao Programa de investimentos. Non obstante o anterior, se o investimento substitutivo estivese xa incluído no plan provincial sen achega provincial consonte co disposto na base quinta, bastará con que o concello formule a solicitude de modificación nos termos indicados (identificando a actuación que debe causar baixa no plan e actuación que debe incorporarse a aquel na súa substitución, indicando para cada unha delas a súa denominación e orzamento total (tributos incluídos), con especificación da achega provincial e, de ser o caso, municipal, expresadas en €,) e comprometa a achega municipal complementaria (se é o caso) sen que sexa preciso, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Provincial, motivar a modificación, por constar xa a dita circunstancia no expediente.

As baixas que poidan resultar da adxudicación dos contratos relativos ás actuacións incluídas no Programa de investimentos, ratearanse entre as achegas (provincial e, de ser o caso, municipal) que os financian, de xeito proporcional o importe de cada achega. As baixas na achega provincial destinaranse con carácter preferente ao financiamento dos incrementos que poida experimentar o prezo do contrato considerado a consecuencia de eventuais modificacións ou liquidacións por exceso de medición ou a reducir a achega municipal para a dita actuación, non sendo preciso, para estes efectos, autorización da Deputación Provincial. De resultar insuficiente a achega provincial para financiar os ditos incrementos, completárase o crédito necesario con fondos propios do concello.

Noutro caso, as baixas na achega provincial poderán destinarse por unha soa vez, previa a solicitude do concello, o financiamento doutros investimentos municipais. Na dita solicitude identificarase a actuación que debe incorporarse ao plan mediante a súa denominación e orzamento total (tributos incluídos), con especificación da achega provincial e, de ser o caso, municipal, expresadas en €. No caso da achega provincial, a solicitude xustificará a procedencia dos remanentes que a constitúen, mediante unha certificación asinada polo funcionario que teña ao seu cargo a función interventora do concello beneficiario. A solicitude someterase á Xunta de Goberno para a súa aprobación consonte co disposto nesta base.

En canto a modificación das actuacións incluídas no Programa de gasto corrente e amortización de débeda logo da aprobación do plan, resultará de aplicación o establecido na presente base para o Programa de investimentos, no que resulte compatible coa súa natureza

Logo da súa incorporación ao plan provincial, as novas actuacións quedarán sometidas ás presentes bases con especial consideración das relativas á execución (sétima), modificación (oitava), xustificación (novena) e pagamento (décima).

Novena: XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da utilización dos fondos percibidos con cargo ao Programa de investimentos e ao Programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático **ata as 23:59 horas do día 17 de novembro de 2025. O dito prazo terá carácter improrrogable.**

A xustificación das actuacións incluídas no Programa de investimentos realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1.- Unha memoria asinada polo representante legal do concello que incluírá, para cada un dos investimentos financiados polo plan provincial, a seguinte documentación:

- ✓ Denominación e descrición do investimento realizado.
- ✓ Reportaxe fotográfica da actuación.
- ✓ Fotografía do cartel de obra ou do instrumento alternativo utilizado para dar publicidade ao investimento, segundo o disposto na base décimo primeira, onde conste o financiamento con cargo aos orzamentos provinciais.
- ✓ Acta de recepción do investimento asinada polo representante legal do concello, polo contratista adxudicatario e, de ser o caso, polo director facultativo das obras.

2.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario que acreditará, para cada un dos investimentos financiados polo plan provincial, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo investimento que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto á documentación achegada á Deputación con ocasión da adxudicación do contrato.

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello imputables á actuación subvencionada son os que se consignan na seguinte relación:

Identidade do acredor	Número da factura ou documento equivalente	Certificación de obra (no seu caso), concepto ou descrición do gasto	Importe da factura	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga polo órgano competente	Data de pagamento	Importe total das obrigas recoñecidas e pagadas

2.5.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.6.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.7.- Que na execución do investimento se cumpriu coas bases do plan provincial para o exercicio 2025.

3.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario relativa á C/C de titularidade do concello á que deba transferirse o importe da achega (excepto que se teña solicitado o anticipo daquela consonte coa base décima).

4.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE. En relación co anterior, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados como xustificación das subvencións concedidas, os beneficiarios deberán presentar o modelo de declaración de IVE, que para tal efecto se encontra dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

A xustificación das actuacións incluídas no Programa de **gasto corrente e amortización de débeda** realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1.- Unha memoria asinada polo representante legal do concello que incluírá, para cada unha das actuacións financiadas polo plan provincial, a seguinte documentación:

- ✓ Denominación e descrición da actuación subvencionada.

- ✓ Fotografía do cartel ou do instrumento alternativo utilizado para dar publicidade á actuación, segundo o disposto na base décimo primeira, onde conste o financiamento con cargo aos orzamentos provinciais.

2.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario que acreditará, para cada unha das actuacións financiadas polo plan provincial, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire á mesma actuación que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto á documentación achegada á Deputación con dito fin.

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello imputables á actuación subvencionada son os que se consignan na seguinte relación (esta relación achegarase no caso de que proceda en atención á natureza do gasto subvencionado):

Identidade do acredor	Número da factura ou documento equivalente	Concepto ou descrición do gasto	Importe da Factura	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga polo órgano competente	Data de pagamento	Importe total das obrigas recoñecidas e pagadas

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.7.- Que na execución da actuación se cumpriu coas bases do plan provincial para o exercicio 2025.

3.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario relativa á C/C de titularidade do concello á que deba transferirse o importe do achega (excepto que se teña solicitado o anticipo daquela consonte coa base décima).

4.- Unha certificación expedida pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE. En relación co anterior, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados como xustificación das subvencións concedidas, os beneficiarios deberán presentar o modelo de declaración de IVE, que para tal efecto se encontra dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (esta certificación achegarase no caso de que proceda en atención á natureza do gasto subvencionado).

Non obstante o anterior, cada un dos investimentos e actuacións incluídos nos programas do plan provincial poderá xustificarse de forma individualizada mediante a achega dos documentos reflectidos na presente base.

Décima: PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL E ANTICIPOS. REINTEGROS E CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓN SUBVENCIONADAS

O aboamento da achega provincial correspondente a cada unha das actuacións incluídas no Programa de investimentos e no Programa de gasto corrente e amortización de débeda do plan provincial, verificarase por resolución da Presidencia provincial, logo de achegada a documentación xustificativa polo concello, nun prazo máximo de trinta (30) días dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Para os ditos efectos teranse en conta as seguintes determinacións:

- ✓ Só serán subvencionables con cargo as achegas provinciais aqueles custos que, á data de presentación da conta xustificativa, consten como efectivamente pagados.
- ✓ No caso de que o investimento ou actuación subvencionada non quede xustificado polo importe total consignado no plan provincial, a achega provincial reducirase proporcionalmente.
- ✓ Non procederá o aboamento da achega provincial sempre que non conste acreditado no expediente o cumprimento da finalidade que motivou a súa concesión. En todo caso, non se considerará cumprida a dita finalidade cando o importe xustificado non acade, polo menos, o 25% do importe do investimento ou actuación subvencionada.
- ✓ Non procederá o aboamento da achega provincial, no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda Autonómica, coa Deputación Provincial de Ourense e fronte a Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- ✓ O pago da achega, unha vez aceptada a xustificación, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo concello beneficiario.

Sen prexuízo do anterior e de conformidade co disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación Provincial, logo da aprobación definitiva do plan provincial, poderán realizarse pagos anticipados por resolución da Presidencia provincial, a instancia dos concellos beneficiarios, por importe de ata o 100% da achega correspondente. Os concellos solicitantes do anticipo estarán exentos da prestación de garantía ningunha, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, procedendo en tal caso á constitución de garantía por importe equivalente ao 100% do anticipo solicitado.

Consecuentemente, as entidades locais que soliciten o anticipo, deberán acompañar unha certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade e da C/C de titularidade do concello á que deba transferirse o importe do anticipo, así como os certificados de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social. As solicitudes de anticipo deberán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático **ata as 23:59 horas do día 30 de setembro de 2025. O dito prazo terá carácter improrrogable**

A omisión ou a insuficiente xustificación da achega provincial concedida ao abeiro das presentes bases dará lugar, segundo proceda, á incoación do pertinente expediente de

declaración de perda, total ou parcial, do dereito a percibir a subvención ou á incoación de expediente de reintegro, con audiencia da entidade local interesada.

A Intervención provincial, tras a xustificación das axudas, poderá conseguir das entidades beneficiarias os documentos ou xustificantes complementarios que motivadamente estime necesarios para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención provincial poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co disposto na lexislación xeral de subvencións.

Décimo primeira: PUBLICIDADE DAS ACHEGAS E VISITAS INSTITUCIONAIS

En canto ó Programa de Investimentos do plan provincial, observaranse as seguintes obrigas en materia de publicidade:

- a.* Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Ourense para as actuacións subvencionadas.
- b.* Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (redes sociais, carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio que dá a deputación. Isto farase mediante a inclusión do seu logotipo nun lugar visible.
- c.* Acreditar a publicidade desde o inicio da actuación, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e a demais documentación que se considere necesaria
- d.* Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial segundo o modelo publicado na pestana Cooperou da páxina web de deputación provincial.
- e.* Facerse cargo dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola deputación.
- f.* No caso de obras en infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse a carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, colocarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.
- g.* Nas instalacións deportivas colocarse un cartel de forma permanente sobre un soporte.

En canto ao Programa de Gasto Corrente e Amortización de Débeda do plan provincial, observaranse as seguintes obrigas en materia de publicidade:

- a.* A publicidade farase mediante a inserción de anuncios na táboa de edictos, na páxina web do Concello ou na prensa local, nos que se indique o financiamento da Deputación.

b. En todo caso e tratándose da contratación de persoal, o concello beneficiario deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Ourense, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, xa sexan estas internas ou externas.

c. No caso de que as persoas contratadas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación de Ourense, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo, cubrindo toda a anchura da parte superior.

O incumprimento do deber de publicitar as axudas percibidas nos termos descritos nesta base, implicará a perda do dereito a percibir a subvención e, se é o caso, o reintegro das cantidades percibidas logo da tramitación previa do oportuno expediente.

A representación institucional da Deputación poderá visitar as actuacións que se desenvolvan polos concellos en execución deste Plan de cooperación, comunicándolle ao respectivo concello a dita visita.

Décimo segunda: ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN

A entidade local menor de Berán beneficiarase dunha achega específica con cargo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 polo importe global de 66.110,87 €, cunha asignación fixa de 45.000,00 € (o 50% da correspondente aos concellos cunha poboación igual ou inferior a 1.000 habitantes) e unha asignación variable (en aplicación dos criterios e porcentaxes establecidas aos ditos efectos na base cuarta) de 21.110,87 €, quedando sometida ao mesmo réxime establecido nestas bases para os concellos da provincia para o goce e xustificación de tales axudas.

Considerando a dita asignación, a achega total da Deputación Provincial de Ourense ao plan provincial ascende o importe de 18.025.000, 00 €

Décimo terceira: FINANCIAMENTO ADICIONAL

Ao longo do exercicio orzamentario e en función das dispoñibilidades de crédito resultantes da xestión económica da Deputación, a Corporación Provincial poderá acordar unha achega adicional ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025. A dita achega adicional distribuirase entre os concellos da provincia con poboación inferior a 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, consonte cos criterios de reparto da asignación variable previstos na base cuarta do presente plan. A dita achega adicional poderá destinarse a investimentos e/ou a gasto corrente e amortización de débeda, a criterio da entidade beneficiaria, sempre que se cumpra co requisito de destinar polo menos un 40% da achega provincial total correspondente a cada entidade beneficiaria (resultante da suma das achegas inicial e a adicional) a investimentos.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.
No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE OURENSE: SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS PARA O EXERCICIO 2025.

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e de DO (2), e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente Programa de cooperación coas entidades locais da provincia de Ourense: servizo de recollida de animais abandonados para o exercicio 2025, co seguinte contido:

1) Obxecto.

1. Constitúe o obxecto deste programa establecer, as concretas accións e prestacións que comprende o servizo de recollida de animais abandonados prestado pola Deputación Provincial de Ourense en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal así como a forma de financiación do custe do servizo no exercicio 2025.

2. Este programa adóptase no exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo en conta as competencias de xestión do servizo público de recollida de animais abandonados dos municipios da provincia.

2) Ámbito territorial.

O ámbito territorial no que se aplicará este Programa será:

1. Para o exercicio das accións recollidas na cláusula 3).1.a), os termos municipais dos entes locais adheridos ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os entes locais da provincia para que a Deputación preste,

en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida de animais abandonados (en adiante Convenio).

2. Para o exercicio das accións recollidas na cláusula 3).1.b) e c), os termos municipais dos entes locais adheridos ao Convenio así como o dos concellos que as soliciten.

3) Condicións da prestación do servizo.

1. As accións que prestara a Deputación Provincial de Ourense son:

- a) Recollida e custodia de animais: A recollida será efectuada polo servizo de lacería da Rede Provincial nos seguintes casos:

- a. Animais da especie canina:

- i. Recollida de cans abandonados, extraviados ou cuxa situación aconselle a súa retirada, por risco para a integridade do animal ou das persoas sempre que poidan ser capturados de maneira inmediata.

Nos casos en que a situación dos animais non permita a recollida por medios normais (mandas asilvestradas, animais moi esquivos situados en lugares onde non sexa factible a utilización de dardos anestésicos...) os técnicos do servizo ofrecerán ás autoridades locais a súa colaboración na elaboración de plans de actuación que faciliten a súa captura.

- ii. Recollida de cans de propiedade particular da veciñanza, nas condicións exixidas pola lexislación vixente.
- iii. Identificación e rexistro no REGIAC dos animais recollidos, tanto se son devoltos ao/á propietario/a ou entregados en adopción.
- iv. Custodia e atención dos animais recollidos durante o período legal en que deben permanecer a disposición do/a propietario/a así como no período posterior ata a súa adopción.
- v. Esterilización de tódolos animais como paso previo a súa entrega en adopción.

- b. Outras mascotas:

- i. Gatos domésticos (enténdese por aqueles que viven no interior dos domicilios en compañía permanente dos/as propietarios/as e, polo tanto, son susceptibles da súa entrega en adopción): Xestionar a adopción definitiva ou provisional (acollida por entidades de protección animal ou particulares) nos casos en que

sexa imprescindible (propietarios falecidos ou trasladados a residencias sen familiares próximos). Ata o momento da entrega ao/á novo/a propietario/a ou adóptante permanecerán na residencia onde se encontren.

- ii. Outras mascotas, incluíndo gatos comunitarios, furóns, etc.: So se recollerán animais en urxencia vital (aqueles individuos que pola súa situación requiran asistencia inmediata para garantir a súa supervivencia: enfermos, accidentados).

b) Asesoramento en materia de:

- a. Colonias felinas. Asesoramento en canto ás actuacións a acometer polos entes locais: Elaboración de plans de actuación e recomendacións de seguimento.
 - b. Outros gatos comunitarios: Recomendacións de manexo.
 - c. Estudio de calquera situación non prevista que poida presentarse relativa a animais de compañía e recomendacións de actuación.
- c) EQUIPAMENTOS. Poñerase ao dispor dos entes locais o equipamento necesario para a captura de animais, especialmente dos gatos comunitarios: gaiolas-trampa, lazos, redes, etc. en réxime de préstamo por un período de tempo determinado ou para un cometido concreto. Nestes casos é necesario solicitalo previamente por escrito acompañado dun compromiso de custodia dos materiais.

2. A Deputación Provincial de Ourense realizará o servizo mediante xestión directa sen prexuízo dos convenios que poida celebrar coas asociacións de protección e defensa dos animais.

4) Retribucións económicas.

1. O servizo delegado financiarase con cargo ás prestacións patrimoniais de carácter público do servizo, as aportacións públicas ou privadas que se reciban e con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense.

2. O custe das actuacións recollidas na letra 1.a) da cláusula 3) será en parte financiado coas aportacións dos entes locais adheridos.

Para estes efectos, na liquidación terase en conta a poboación de dereito segundo a cifra oficial de poboación vixente no momento de efectuarse a liquidación.

A Deputación Provincial asumirá o resto dos custos.

3. O custe do resto de actuacións será asumida, integramente, pola Deputación Provincial de Ourense.

4. A liquidación ás entidades locais aprobarase e notificarase anualmente. As entidades locais disporá dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Unha vez transcorrido o mencionado prazo, sen realizar o pagamento das liquidacións correspondentes, procederase conforme ao disposto na Cláusula SEXTA do Convenio ou cláusula que a substitúa.

5) Procedemento de acceso ao servizo.

1. As entidades locais que estean adheridos ao convenio quedan automaticamente adheridos ás actuacións deste programa sen necesidade de realizar trámite algún, agás que manifesten o contrario.

2. O resto de entidades locais que queiran acceder ao servizo deberán presentar unha solicitude previa dirixida á Presidencia da Deputación, a través do rexistro electrónico dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial (www.sede.depourense.es) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na que se indicará o tipo de servizo solicitado. Acompañarase o acto administrativo de adhesión ao convenio adoptado polo órgano competente nos termos establecidos no Convenio.

3. Deberá solicitarse, como mínimo, cunha antelación de quince días hábiles a data na que se interese a actuación. Por razóns organizativas non se atenderan aquelas peticións cun intervalo menor, agás situacións de emerxencia ou urxencia debidamente xustificadas, imposibles de prever con dita antelación.

6) Baixa voluntaria do programa por parte das entidades locais adheridas.

A resolución ou extinción do Convenio ou a baixa voluntaria deste programa respecto de calquera das entidades locais adheridas, terá como efecto que a Deputación deixe de prestar o servizo. Dita resolución ou extinción levarase a cabo polos trámites establecidos no Convenio.

7) Vixencia e extinción do programa.

Este programa estará vixente dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial de Provincia de Ourense e ata o 31 de decembro de 2025.

8) Natureza e réxime xurídico.

Este programa ten natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, efectos e extinción.

Será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense para xeral coñecemento.

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación íntegra do Programa no BOP.

8º.- PROGRAMA DE ASISTENCIA A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA PARA O EXERCICIO 2025

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de asistencia a entidades locais para a xestión de servizos municipais do ciclo da auga para o exercicio 2025, co seguinte contido:

O programa reflicte as asistencias técnicas de colaboración da Deputación Provincial de Ourense cos concellos que se realizaran o través da empresa Concesionaria Aquaourense, Sociedade Provincial de augas e medio ambiente S.A. ou cos medios propios da Deputación Provincial de Ourense.

As asistencias divídense en tres grupos atendendo o servizo implicado:

- **Abastecemento:** Tódalas asistencias técnicas relacionadas cos análises, as infraestruturas, trámites, das augas destinadas ao consumo de auga pola poboación.
- **Saneamento:** Tódalas asistencias técnicas relacionadas coas infraestruturas, trámites, análises, das augas residuais dunha poboación.
- **Augas de baño:** Tódalas asistencias técnicas relacionadas coas infraestruturas, trámites, análises, das augas destinadas para uso recreativo/lúdico de baño.

A continuación, realízase unha descrición das accións xerais propostas:

A) Abastecemento

A1 Análise completo.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A2 Análise de auga captación menor 50 habitantes.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A3 Análise de auga captación maior 50 habitantes.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A4 Análise de billa.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A5 Análise de control de rede ou depósito.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A6 Análise de microcistinas.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A7 Análise de radioactividade - DIT.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A8 Análise de radioactividade - Radon.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A9 Análise de radionucleidos.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A10 Análise de trihalometanos.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A11 Análise de praguicidas.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A12 Análise do parámetro do tipo de tubeira da billa, rede ou depósito a maiores.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A13 Análise resto de parámetros.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A14 Asesoramento do persoal mantemento.

Asesoramento técnico - administrativo ao persoal de mantemento dos concellos para a correcta realización das tarefas de mantemento e operatividade nas instalacións destinadas a augas de consumo.

A15 Asistencia facturación e cobro, xestión comercial do ciclo hidráulico.

A16 Sinalización de fontes.

Carteis para fontes sen ou con control sanitario

A17 Sinalización de instalacións.

Carteis para o servizo de abastecemento, captación, depósito, ETAP.

A18 Concesións abastecemento de auga.

Xestión de concesións de abastecementos de auga potable para entrega na confederación hidrográfica. Sendo os traballos a realizar os de toma de datos, elaboración planos, elaboración da memoria, cumprimento de formularios e impresión documentos.

A19 Contraanálise de análise de billa.

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A20 Contraanálise de análise de control .

Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 3/2023, no que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

A21 Control alarmas.

Control sobre as instalacións onde existan sistemas de aviso de alarmas ante funcionamento incorrecto. A asistencia consistirá na recepción e xestión destas alarmas así como aviso ao persoal designado polo concello.

A22 Cortes e reanudacións de subministro de servizo.

A23 Explotación de Servicios de Abastecemento con potabilizadora.

Traballos consistentes na supervisión, control, mantemento preventivo dos sistemas destinados a auga de consumo. O obxectivo da asistencia técnica é dar apoio os concellos para garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, establecendo pautas de funcionamento, dosificación e proceso, que deba adoptar o persoal do concello que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento.

Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:

- Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento e a ETAP, coas súas características técnicas, actualizando os protocolos de abastecemento anualmente (sempre e cando, o protocolo fose feito por Aquaourense).
- Realización de un plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realizar o persoal encargado do servizo, tanto das zonas de abastecemento, como a ETAP.
- Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento e ETAP por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o

caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

-Asistencia os problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarias na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.

Con visitas periódicas: Completase as prestacións anteriores, coas seguintes tarefas:

-Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...).

-Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida os cumprimentados do mes anterior.

-Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez, pH, olor e cor).

-Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución; control da dosificación de reactivos do proceso, tales como, hipoclorito sódico, policloruro de aluminio, etc.

-Realización das propostas de mellora, orientadas a una redución de costes enerxéticos, de mantemento o de calidade de auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, substitución de area nos filtros, etc., previa aceptación por parte do Concello.

A24 Explotación de Servicios de Abastecemento sen potabilizadoras.

Traballos consistentes na supervisión, control, mantemento preventivo dos sistemas destinados a auga de consumo. O obxectivo da asistencia técnica é dar apoio os concellos para garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, establecendo pautas de funcionamento, dosificación e proceso, que deba adoptar o persoal do concello que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento.

Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:

-Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento, coas súas características técnicas, actualizando os protocolos de abastecemento anualmente (sempre e cando, o protocolo fose feito por Aquaourense).

-Realización de un plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realizar o persoal encargado do servizo.

-Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

-Asistencia os problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarias na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.

Con visitas periódicas: Completase as prestacións anteriores, coas seguintes tarefas:

-Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, .).

-Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida os cumprimentados do mes anterior.

-Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez, pH, olor e cor).

-Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución.

-Realización das propostas de mellora, orientadas a una redución de costes enerxéticos, de mantemento o de calidade de auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, etc., previa aceptación por parte do Concello.

A25 Lectura contadores

A26 Limpeza e desinfección de depósitos incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.

Limpeza de depósitos e realización da análise de comprobación.

A27 Limpeza e desinfección en instalacións con acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.

Traballos de limpeza e desinfección instalacións auga quente sanitaria. Incluída a rede de distribución e puntos terminais, e dúas análises de detección de lexionela.

A28 Mantemento mensual por técnico especializado auga quente sanitaria.

Traballos de limpeza e desinfección instalacións auga quente sanitaria.

A29 Memorias valoradas abastecemento.

elaboración de memorias valoradas e informes técnicos valorados de melloras no abastecemento a petición do concello, incluíndo modificacións da redacción e novas zonas da abastecemento no texto do protocolo de autocontrol (P.A.X.)

A30 Padrón de abastecemento.

Realización do padrón de abastecemento dos concellos

A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo de cada concello (P.A.X.)

Redacción do P.A.X. incluíndo todos os abastecementos ós que resulte de aplicación do RD 3/2023 e posteriores modificación legislativas

A32 Plans de emerxencia seca.

Realización plans de emerxencia ante períodos de seca dos municipios segundo os criterios sinalados pola xunta de Galicia. Instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca e así garantir o abastecemento á poboación e se fomenta o emprego eficiente dos recursos hídricos.

A33 Precintado contadores (coa lectura de contadores).

A34 Realización do Plan Sanitario da Auga (PSA) e seguimento.

Realización do Plan Sanitario da Auga (PSA) nas zonas de abastecemento de xestión municipal, segundo o indicado pola autoridade sanitaria en conformidade co RD 3/2023, implantación do mesmo e seguimento durante tres anos.

A35 Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico.

A36a Xestión SINAC e programación anual.

Realización do calendario analítico anual así como a supervisión, asesoramento e carga de boletíns analíticos por parte da concesionaria na plataforma SINAC.

A36b Xestión de SINAC plataforma dixital.

Realización do calendario analítico anual así como a supervisión, asesoramento e carga de boletíns analíticos de Aquaourense na plataforma SINAC, incluíndo a plataforma e a ferramenta para introducir os datos diarios para dar cumprimento ao RD 3/2023.

A37 Auscultación e detección de fugas abastecemento.

Acción que se deberá realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo.

A38 Inspección e auscultación de redes de distribución de auga.

Inclúe a inspección xeral e pormenorizada das redes de distribución de xeito periódico, localizando ata pequenas fugas e acometidas ilegais, permitindo unha xestión activa (propoñendo reparacións, substitucións, sectorizacións etc.) nas redes municipais de distribución. Isto inclúe dúas campañas anuais con ata cinco xornadas (diúrnas ou nocturnas)

A39 Formación continua para o persoal das AA LL destinados ao mantemento dos servizos do ciclo da auga.

- Contido: inclúe a matrícula para dous traballadores municipais, nun curso en liña e modular, de formación en temas básicos de xestión de servizos de abastecemento, dividida en 4 módulos a superar consecutivamente (a módulo por ano), consonte ás esixencias do Plan de Formación para os PAX da Autoridade Sanitaria.

A40 Realización de auditorías dos sistemas de abastecemento municipais, xestionados de forma directa.

-Consistirá na redacción do documento Auditoría do sistema municipal de abastecemento (consonte coas directrices de Augas de Galicia para estes documentos) e do Plan de acción para mellora da eficiencia do sistema, o que leva implícito: - Labores de campo: recollida de datos, revisión de datos e consenso de propostas, reunións co persoal técnico e de mantemento, así como cos responsables políticos do servizo. - Traballo de gabinete: revisión e realización de planos, cálculos e determinacións, realización de fichas das instalacións, e redacción do documento de Auditoría.

-Plan de acción, coas melloras propostas (e consensuadas), detalle das mesmas, avaliación e cronograma de implantación.

A41 Avaliación de riscos e plan de acción nas instalacións do ciclo integral da auga.

Consistirá na realización da avaliación de riscos das instalacións relacionadas con ciclo integral da auga así coma un plan de acción valorado para a emenda das anomalías resultantes da avaliación de riscos.

Persoal técnico duna empresa especializada e autorizada realizará visitas de campo ara levar a cabo a avaliación de riscos pertinente que de cumprimento ao establecido na normativa vixente, posteriormente o persoal técnico de Aquaourense realizará un plan de acción detallado, valorado e planificado para que a entidade local solicitante poida levar adiante este plan de acción.

A42 Análise caracterización auga.

Determinación da dureza total da auga mediante o análise do Calcio, Potasio e Magnesio segundo métodos acreditados pola ISO 17025.

A43 Análise de colífagos sómáticos

A44 Análise de praguicidas control operacional.

Incluindo carfentrazona-etil herbicida, cicloxidim herbicida, cletodim herbicida, clortoluron herbicida, diflufenican herbicida, florasulam herbicida, glifosato herbicida, metribuzina herbicida, pendimetalina herbicida, piraflufen-etil herbicida, piridato herbicida, prosulfocarb herbicida, tritosulfuron herbicida, cimoxanilo funxicida, mandipropamida funxicida, propamocarb funxicida, amisulbrom funxicida, penconazol funxicida, metalaxil-m funxicida, sulfato cuprocalcico funxicida, proxanil funxicida, difenoconazol funxicida, fluopicolida funxicida, oxiclورو de cobre funxicida, zoxamida funxicida, azufre funxicida, ciprodinil funxicida, fludioxonil funxicida, folpet funxicida, foseetil-al funxicida, meptildinocap funxicida, trifloxistrobin funxicida, teflutrin insecticida, deltametrin insecticida, esfenvalerato insecticida, lambda cihalotrin insecticida, clorantraniliprol insecticida, metaflumizona insecticida, acetamiprid insecticida.

A45 Análise de Cloruro de Vinilo

A46 Análise Bisfenol A

A47 Análise contaminantes lista de observación.

Incluindo Nonilfenol, Azitromicina, 17p- Estadiol, Diclofenaco

A48 Análise Glifosato

A49 Análise AMPA (ácido aminometilfosfónico)

A50 Análise Glifosato e Ampa

A51 Análise ácidos Haloacéticos

B) Saneamento

S1 Análise de auga residual poboación maior a 250 habitantes equivalentes.

S2 Análise de auga residual poboación menor a 250 habitantes equivalentes.

S3 Análise de comprobación por entidade colaboradora da administración (E.C.A.).

S4 Análise de permiso de vertedura

S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.

S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes .

S7 Control de alarmas.

Control sobre as instalacións onde existan sistemas de aviso de alarmas ante funcionamento incorrecto. A asistencia consistirá na recepción e xestión destas alarmas así como aviso ao persoal designado polo concello.

S8 Control de estacións de bombeo de auga residuais.

mantemento preventivo estacións bombeo de augas residuais. Inclúese control sistema alarmas, se dispón, e rexistro datos técnicos de funcionamento.

S9 Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos.

o obxecto desta asistencia consistirá en garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, mediante visitas técnicas periódicas, nas que se establecerán claramente as pautas de funcionamento que deberán adoptar o persoal que realice as tarefas diarias de seguimento da depuradora. Xestión técnica anual:

Control analítico: Realizarase unha toma de mostras mensual.; Seguridade e Saúde: Realización dunha avaliación inicial de riscos laborais.; Formación: Realízase unha formación dos traballadores en mantemento de depuradora. Xestión Técnica Periódica; Toma de datos dos equipos e entrega dos partes de control de mantemento e datos e recollida dos partes do mes anterior.; Análise de parámetros in situ.; Control da xestión de lodos.; Realización de propostas de mellora. Xestión Técnica Operativa; Xestión de lodos.; Xestión de alarmas

S10 Informe permiso vertedura.

Elaboración de informe permiso de vertedura á rede de sumidoiros para empresas.

S11 Informe E.C.A.

O obxectivo desta asistencia técnica é a tramitación do Informe Técnico elaborado por Entidade Colaboradora coa Administración (ECA). Informe necesario para aprobación por parte do organismo de conca para solicitar permiso de vertedura, modificacións do existente, etc.

S12 Limpeza de fosas sépticas.

Retirada e xestión de lodos das fosas séptica.

S13 Limpeza pozo EDAR Compactas.

Limpeza e tratamento dos lodos resultantes dos pozos entrada nas depuradoras compactas.

S14 Mantemento EDAR Compactas de aireación prolongada.

Servizo de mantemento preventivo e correctivo das depuradoras compactas situadas no ámbito territorial da entidade local, realizando un seguimento continuo do seu funcionamento e asegurando a normalidade na prestación de servizo de depuración de augas residuais. O servizo non incluírá o mantemento da rede de sumidoiros conectada á depuradora, nin a subministración de enerxía eléctrica. Plan Mantemento Preventivo/Correctivo: Realización dun Plan de Mantemento Preventivo periódico na depuradora compacta, que consistirá en dúas visitas mensuais periódicas á planta por persoal técnico especializado, na que se realizarán as seguintes tarefas; Toma de datos dos equipos; Cubrir do check-list do estado xeral da planta; Limpeza da reixa do pozo; Limpeza; Mantemento preventivo dos equipos.; Farase o mantemento correctivo se estivera algún equipo avariado. Seguimento funcionamento da depuradora compacta: Realizarase unha Análise de entrada e de saída en cada trimestre natural, que permitirá establecer o rendemento funcional da depuradora, identificando deste xeito os potenciais problemas de funcionamento e as súas alternativas de solución. Análises por Entidade Colaboradora no caso de ser precisa pola Autorización de Vertido: Estas mostras realízanse co obxectivo de dar cumprimento á Autorización de Vertido correspondente a cada instalación, analizándose os parámetros que se indiquen.

S15 Memorias e informes.

Elaboración de memorias e informes técnicos valorados de melloras no saneamento e sistemas de depuración.

S16 Xestión residuos.

Transporte e xestión de lodos EDARs.

S17 Padrón de saneamento.

Asistencia técnica para realización do padrón de saneamento dos concellos

S18 Desatasco e limpeza de rede de sumidoiros municipais.

A solicitude deberase realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo

S19 Inspección por cámara de TV de tubos de saneamento.

A solicitude deberase realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo.

S20 Revisión EDAR compactas de aireación prolongada.

Incluindo o desmonte da planta, apertura de tapas superiores, extracción de filtros lamelares, retirada de lodos do reactor biolóxico e filtro mediante camiión CIS, limpeza con auga das cámara interiores, colocación dos filtros, e posta en servizo da planta. (O transporte e retirada de lodos segundo a acción S12).

S21 Instalación sonda de osíxeno en EDAR compactas de aireación prolongada

O obxectivo final é diminuír o consumo eléctrico polo traballo descontinuo da bomba soplante. Instalación de novas sondas de osíxeno e controles de última xeración que permitan a redución do consumo eléctrico destas EDARS. O equipo proposto é o sensor óptico dixital sen calibración FDO 700 IQ (ou similar) acompañado do Controler DIQ/S 181 (ou similar) marca WTW.

S22 Instalación soplante 4kw en EDAR compactas de aireación prolongada

Esta acción propón actuar sobre as bombas soplantes de 4 kW que actualmente están instaladas nalgúnhas EDARs Compactas. Nas depuradoras que posúan bombas soplantes (4 kW) propónse a substitución do motor das mesmas por outros de menor consumo eléctrico.

S23 Redución da soplante en EDAR compactas de aireación prolongada

Nas depuradoras que posúan bombas soplantes de 7,5 kW propónse a substitución das mesmas por bombas soplantes pequenas de 4 kW.

S24 Realización auditoría de saneamento.

Consistirá na elaboración da auditoría de saneamento segundo as bases publicadas por Augas de Galicia. Estas auditorías municipais servirán coma un instrumento eficaz para identificar os problemas asociados á xestión das redes de saneamento. Identificar as principais entradas de augas brancas ou os puntos de alivio é o primeiro paso para mellorar o funcionamento dos sistemas de saneamento e poder programar actuacións que, sendo en moitos casos de pouca entidade, permitirán mellorar significativamente a prestación dos servizos e contribuír ao cumprimento dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

As accións a realizar serían as seguintes en orde cronolóxico: Coñecemento da rede. Sectorización en subsistemas. Análise dos puntos de control de cada subsistema. Selección dos subsistemas a estudar en detalle. Inspección detallada dos subsistemas seleccionados. Análise detallada dos resultados e medidas correctoras.

C) Augas de baño

B1 Análise lexionela.

Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente.

B2 Análise de piscina climatizada.

Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente en piscina climatizada incluíndo dous análises de lexionela

B3 Análise de piscina non climatizada.

Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente **B4**

Actualización do protocolo de autocontrol de piscinas

B5 Protocolo de piscina aire libre.

Realización do protocolo de autocontrol para piscinas de vaso descuberto, de uso descontinuas e non climatizadas

B6 Protocolo de piscina cuberta.

Realización do protocolo de autocontrol para piscinas de vaso cuberto, de uso continuo e climatizadas

B7 Remisión e asesoramento dos datos relativos ao informe anual SILOE de entrega no Ministerio de Sanidade (SILOE)

A Deputación Provincial de Ourense realizará o servizo de asistencia técnica o través do seus medios propios ou por xestión indirecta a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación coas entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

A prestación das asistencias técnicas pola Deputación non prexulga nin altera a competencia das entidades locais para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión do servizo, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa pola propia entidade local ata que este réxime de prestación non sexa modificado por eles. En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade municipal para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestarlle asistencia ás mencionadas entidades locais, nos termos recollidos nesta cláusula.

Prezos públicos.

En consideración polo servizo prestado, excepto el subministro de enerxía eléctrica y combustible, la concesionaria de la Deputación Provincial percibirá los seguintes prezos públicos:

Con carácter xeral a calquera entidade que o solicite:

Abastecemento

A1	Análise completa .	809,25 €
A2	Análise de auga captación < 50 habitantes	200,00 €
A3	Análise de auga captación > 50 habitantes	809,25 €
A4	Análise de billa	48,00 €
A5	Análise de control de rede ou depósito	48,00 €
A6	Análise de microcistinas.	60,00 €
A7	Análise de radioactividade - DIT.	120,24 €
A8	Análise de radioactividade - radon	58,45 €
A9	Análise de radionucleidos .	888,58 €
A10	Análise de trihalometanos .	45,60 €
A11	Análise de praguicidas.	55,00 €
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito) .	18,00 €
A13	Análise resto parámetro .	45,00 €
A14	Asesoramento do persoal mantemento	100,00 €
A15	*Asistencia facturación e cobro, xestión comercial do ciclo hidráulico. Custo por abonado	1,06 €
A16	Carteis para fontes	20,00 €
A17	Carteis para instalacións servizo de abastecemento, captación, depósito, ETAP.	30,00 €
A18	Concesións de auga abastecemento	500,00 €
A19	*Contraanálise de análise de billa .	48,00 €
A20	Contraanálise de análise de control	48,00 €
A21	Control alarmas	2.066,12 €
A22	Cortes e reanudacións de subministro de servizo, custo por abonado	15,00 €
A23	Explotación de Servicios de Abastecemento con potabilizadora	
A23a	*Sen visitas	1.966,64 €
A23b	2 visitas anuais	3.239,67 €
A23c	*4 visitas anuais	4.916,60 €
A23d	6 visitas anuais	7.404,96 €
A23e	*12 visitas anuais	11.799,84 €
A24	Explotación de Servicios de Abastecemento sen	

	potabilizadoras:	
A24a	Sen visitas	925,62 €
A24b	2 visitas anuais	2.314,05 €
A24c	*4 visitas anuais	3.736,62 €
A24d	*6 visitas anuais	5.113,26 €
A24e	*12 visitas anuais	10.226,52 €
A25	*Lectura contadores, custo por abonado	1,76 €
A26	Limpeza depósitos incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	
A26a	*Limpeza depósitos menores a 100 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	631,13 €
A26b	*Limpeza depósitos entre 100 e 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	796,73 €
A26c	*Limpeza depósitos maiores a 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	982,26 €
A27	Limpeza e desinfección en instalacións con acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.	
A27a	*Limpeza e desinfección en instalacións con un acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.	955,90 €
A27b	*Limpeza e desinfección en instalacións con dous acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.	1.085,05 €
A28	Mantemento mensual por técnico especializado auga quente	34,00 €
A29	*Memorias valoradas	153,14 €
A30	Padrón de abastecemento custo por abonado	4,50 €
A31	Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo (P.A.X.),	900,00 €
A32	Plans de emerxencia seca:	
A32a	Menor ou igual a 5 núcleos de poboación	7.500,00 €
A32b	de 6 a 11 núcleos de poboación	10.150,00 €
A32c	de 11 a 16 núcleos de poboación	12.450,00 €
A32d	de 17 a 21 núcleos de poboación	16.300,00 €
A32e	Mais de 22 núcleos de poboación	20.500,00 €
A33	Precintado contadores (coa lectura de contadores). Custo por contador.	0,50 €
A34	Realización PSA e seguimento 3 anos	2.834,32 €
A35	Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico., custo por período de lectura.	183,00 €
A36a	Xestión SINAC e programación anual	183,00 €
A36b	Xestión de SINAC plataforma dixital	489,99 €
A37	Detección Fugas	- €
A38	Inspección e auscultación de redes de distribución de auga	2.040,00 €

A39	Formación continua do persoal	388,00 €
A40	Realización de auditorías de sistemas de abastecemento	4.770,00 €
A41	Avaliación de riscos e plan de acción nas instalacións do ciclo integral da auga:	
A41a	1 visita	460,04 €
A41b	2 visita	513,04 €
A41c	3 visita	539,54 €
A42	Análise Caracterización Auga	22,10 €
A43	Análise de Colílagos Sómaticos	25,38 €
A44	Análise de Praguicidas control operacional	146,28 €
A45	Análise de Cloruro de Vinilo	48,00 €
A46	Análise Bisfenol A	48,00 €
A47	Análise contaminantes lista de observación	148,40 €
A48	Análise Glifosato	74,76 €
A49	Análise Ampa.	74,35 €
A50	Análise Glifosato + Ampa.	101,23 €
A51	Análise Ácidos Haloacéticos.	58,50 €

* Prezos modificados con respecto o ano 2024

Saneamento

S1	Análise de auga residual poboación maior a 250 habitantes equivalentes, na entrada e saída	418,40 €
S2	Análise de auga residual poboación menor a 250 habitantes equivalentes, na saída	182,40 €
S3	Análise de comprobación E.C.A.	200,00 €
S4	Análise de permiso de vertedura	200,00 €
S5	Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.	300,00 €
S6	Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes .	180,00 €
S7	Control de alarmas.	1.735,54 €
S8	Control de estacións de bombeo de auga residuais	
S8a	1 visita mensual	1.395,30 €
S8b	2 visita mensual	2.303,18 €
S8c	*4 visita mensual	3.570,28 €
S9	Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos,:	
S9a	*1 visita mensual	4.892,52 €

S9b	*2 visita mensual	6.125,43 €
S9c	3 visita mensual	8.126,94 €
S9d	*4 visita mensual	11.057,08 €
S10	Informe de permiso de vertedura	250,00 €
S11	Informe E.C.A.	150,00 €
S12	*Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados.	57,16 €
S13	Limpeza pozo EDAR compactas. Ano	537,19 €
S14	*Mantemento EDAR compactas: Ano	3.179,70 €
S15	Memorias e informes.	150,00 €
S16	Xestión residuos: transporte e xestión de lodos EDARs. Ano	1.652,89 €
S17	Padrón de saneamento custo por abonado	1,98 €
S18	Desatascos	0,00 €
S19	Inspección CCTV	0,00 €
S20a	Limpeza EDAR compacta STP 16	345,00 €
S20b	Limpeza EDAR compacta STP 25	435,00 €
S20c	Limpeza EDAR compacta STP 50	575,00 €
S21	Instalación de sonda de oxixeno en EDAR compactas de aireación prolongada.	2.637,43 €
S22	Instalación de soplane 4 kw en EDAR compacta de aireación prolongada.	1.750,00 €
S23	Redución de la soplane en EDAR compacta de aireación prolongada.	1.945,15 €
S24	*Realización auditorías de saneamento	14.923,00 €

* Prezos modificados con respecto o ano 2024

Augas de Baño

B1	Análise de lexionela	39,00 €
B2	Análise de piscina climatizada.	117,00 €
B3	Análise de piscina non climatizada	45,00 €
B4	Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas	110,00 €
B5	Protocolo de piscina aire libre.	400,00 €
B6	Protocolo de piscina cuberta.	600,00 €
B7	Remisión información ministerio sanidade (SILOE)	135,00 €

Os prezos públicos sinalados aplicaráselle o IVE vixente en cada momento **Bonificacións:**

Unha bonificación do 50% por parte da Deputación Provincial as accións:

A4 Análise de billa

A5 Análise de control de rede ou depósito

A10 Análise de trihalometanos .

A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito) .

A13 Análise resto parámetro .

A14 Asesoramento do persoal mantemento

A36 Xestión SINAC e programación anual

Sempre que o soliciten os concellos para os efectos deste programa, considerárase que os concellos ou, se é o caso, as mancomunidades acadarán os ditos obxectivos sempre que dispoñan, ao 1 de xaneiro de 2025, dunha taxa por abastecemento de auga potable debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga. Esta bonificación debería ter efecto sempre que as entidades locais comuniquen o cumprimento destes requisitos dentro do primeiro trimestre do ano 2025.

Tamén establécese un prezo bonificado nun 12,5 %, na acción S14 para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, a 1 de xaneiro do 2025, dunha taxa por depuración de augas residuais debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.

Ademais, para mellorar a operatividade a concesionaria incentiva a acción S12, que se identifica coa limpeza de fosas, si o concello comunica a realización da limpeza en común de lotes de 6 a 11 fosas terá unha bonificación 4% , entre 12 a 18, bonificación 7%, e si son máis de 18 actuacións, a bonificación será do 10%.

Para axilizar a acción de limpeza depósitos A26 (a, b y c) e sempre que se pida de modo conxunto propónse a seguinte bonificación, en lote de 5 a 7 depósitos unha bonificación do 5%, de 8 a 11 depósitos un 10% de bonificación e máis de 12 depósitos un 15 % de bonificación. O único requisito que as entidades soliciten a limpeza programada e conxunta do número de depósitos para poder ter acceso a bonificación.

Programas específicos:

- A. Xestión en alta da estación de tratamento de auga potable de Melias e bombeo en alta.
- B. Asistencias para o consorcio de Valdeorras.

1.1- Asistencia técnica para a xestión do servizo de abastecemento de auga potable delegada no consorcio de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).

1.2- Asistencia técnica para a xestión do servizo de saneamento (rede sumidoiros) delegada no consorcio de augas de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).

1.3- Asistencia técnica para a xestión do servizo de depuración comarcal de Valdeorras.

A. Proposta de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín para a prestación de asistencia técnica para a

xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias, incluíndo o bombeo en fervenza e os seus correspondentes depósitos, sitos en Agra de Arriba - Lamagrande e San Miguel - Faramontaos.

- Proponse seguir coa proporcionalidade de reparto de custos fixos de un 75% para o concello do Pereiro de Aguiar e un 25% para o concello de Nogueira de Ramuín.
- Repercusión da tarifa fixa, reflectindo os custos fixos de mantemento correctivo e asistencia proporcionada pola concesionaria da Deputación, Aquaourense, da seguinte forma:

SEN IVE

A.T. Aquaourense	60.658,34 €
------------------	-------------

25% Nogueira de Ramuín	15.164,59 €
------------------------	-------------

75% O Pereiro de Aguiar	45.493,76 €
-------------------------	-------------

Mantementos Correctivos	21.713,33 €
-------------------------	-------------

25% Nogueira de Ramuín	5.428,33 €
------------------------	------------

75% O Pereiro de Aguiar	16.285,00 €
-------------------------	-------------

- Repercutir o custo real da factura mensual da electricidade repartindo a parte fixa proporcionalmente 25%-75% entre os concellos e os termos variables da factura en función dos metros cúbicos consumidos.

- Bonificación, no caso de Nogueira de Ramuín, aplicarase unha redución de 0,209 €/m³, por cada m³ subministrado á ETAP polo concello ao depósito municipal de Faramontaos.

B. A asistencia técnica a xestión dos servizos municipais do ciclo urbano da auga delegados no consorcio de augas de Valdeorras para o ano 2025.

1.1- Asistencia Técnica para a xestión do servizo de abastecemento de auga potable delegada no consorcio de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).

O obxecto e custo de esta asistencia e o seguinte:

1.1.1- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución, mantemento correctivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución, supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de abastecemento, realización dos controis analíticos de calidade da auga abastecida e asistencia para o cumprimento das obrigas derivadas do Real Decreto 3/2023, asistencia para a lectura de contadores, elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de abastecemento e do canon da auga (nesta prestación incluírase a asistencia para a elaboración dos padróns da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, ao estar actualmente unificados os recibos destes tributos neste municipio), limpeza ordinaria de depósitos, formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais e asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos (incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos), analíticas do servizo e separado dos outros servizos do Consorcio de augas, en cumprimento do artigo 19.2 da Lei 1/2022, de 12 de xullo, de melloras do ciclo da auga.

O custo ascende a 205.548,90 €/ano máis IVE, (248.714,17 €/ano con 21% de IVE actual).

1.1.2-Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos ó subministro de enerxía eléctrica para os distintos elementos que integran o servizo (incluída a parte proporcional das oficinas de atención ó público compartidas polos tres servizos).

O custe estimado é de 90.000 €/ano IVE incluído.

1.2- Asistencia Técnica para a xestión do servizo de saneamento (rede sumidoiros) delegada no consorcio de augas de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).

O obxecto e custo de esta asistencia e o seguinte:

1.2.1- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento, mantemento correctivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento, supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de saneamento, asistencia para a elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de saneamento, formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais e asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos. E a xa mencionada, no punto anterior, contabilidade analítica separada por servizo.

O custo ascende a 43.466,24 €/ano máis IVE, (52.594,15 €/ano con 21% de IVE actual).

1.2.2- Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos ó subministro de enerxía para os distintos elementos que integran o servizo (incluída a parte proporcional das oficinas de atención ó público compartidas polos tres servizos), así como o combustible conforme o realmente consumido e soportado pola Deputación.

O custe estimado é de 43.000 €/ano IVE incluído.

1.3- Asistencia Técnica para a xestión do servizo de depuración comarcal de Valdeorras.

O obxecto e custo de esta asistencia e o seguinte:

1.3.1- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo das infraestruturas de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio, colaboración no mantemento correctivo das estacións de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio (incluíndo a supervisión e asistencia técnica e a subministración de repostos que sexan necesarios), programación e supervisión técnica dos traballos de baleirado e limpeza das fosas sépticas existentes nos municipios da comarca e traslado dos lodos a unha planta de tratamento, xestión de lodos en infraestruturas de depuración non dependentes do Consorcio de Augas (no caso de ser necesaria), asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados co servizo, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos, formación continua do persoal do Consorcio e asistencia técnica na prevención dos riscos laborais do persoal do Consorcio, realización dos controis analíticos esixidos pola lexislación vixente na auga

tratada nas infraestruturas de depuración. Tamén aquí, se engade a contabilidade analítica e separada do servizo dos puntos anteriores.

O custo ascende a 303.689,23 €/ano máis IVE, (367.463,96 €/ano con 21% de IVE actual).

1.3.2- Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos ó subministro de enerxía para os distintos elementos que integran o servizo (incluída a parte proporcional das oficinas de atención ó público compartidas polos tres servizos), así como o combustible conforme o realmente consumido e soportado pola Deputación.

O custe estimado é de 285.000 €/ano IVE incluído.

CONCLUSIÓN :

Proponse para o ano 2025 un programa de Asistencias ás Entidades Locais para a Xestión dos Servizos Municipais do Ciclo Urbano de Auga, no que se recollan as accións definidas anteriormente para o abastecemento, saneamento e baño. (A1 a A51, S1 a S24 e B1 a B7).

- Para a no 2025 modifícase o custo das accións segundo a xustificación presentada pola empresa concesionaria Aquaourense (documento adxunto no expediente):

A15 Asistencia facturación e cobro, xestión comercial do ciclo hidráulico. Custo por abonado **A19** Contraanálise de análise de billa .

A23aExplotación de Servizos de Abastecemento con potabilizadora Sen visitas

A23cExplotación de Servizos de Abastecemento con potabilizadora 4 visitas anuais

A23eExplotación de Servizos de Abastecemento con potabilizadora 12 visitas anuais

A24cExplotación de Servizos de Abastecemento sen potabilizadoras: 4 visitas anuais

A24dExplotación de Servizos de Abastecemento sen potabilizadoras: 6 visitas anuais

A24eExplotación de Servizos de Abastecemento sen potabilizadoras: 12 visitas anuais

A25 Lectura contadores, custo por abonado

Limpeza depósitos menores a 100 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza

A26a depósitos.

Limpeza depósitos entre 100 e 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza

A26b

depósitos.

Limpeza depósitos maiores a 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza

A26c depósitos.

A27aLimpeza e desinfección en instalacións con un acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.

Limpeza e desinfección en instalacións con dous acumulador de auga quente sanitaria

A27b

A.Q.S.

A29 Memorias valoradas

S8c Control de estacións de bombeo de auga residuais 4 visita mensual

- S9a** Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos,: 1 visita mensual
- S9b** Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos,: 2 visita mensual
- S9d** Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos,: 4 visita mensual
- S12** Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados.
- S14** Mantemento EDAR compactas: Ano
- S24** Realización auditorías de saneamento

• Atendendo á filosofía recollida nos programas do ciclo do auga anteriores, a Deputación bonificará o 50% as accións:

- A4 Análise de billa
- A5 Análise de control de rede ou depósito
- A10 Análise de trihalometanos .
- A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito) .
- A13 Análise resto parámetro .
- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A36 Xestión SINAC e programación anual

Sempre que o soliciten os concellos para os efectos deste programa, considerárase que os concellos ou, se é o caso, as mancomunidades acadarán os ditos obxectivos sempre que dispoñan, ao 1 de xaneiro de 2025, dunha taxa por abastecemento de auga potable debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga. Esta bonificación debería ter efecto sempre que as entidades locais comuniquen o cumprimento destes requisitos dentro do primeiro trimestre do ano 2025.

Tamén establécese un prezo bonificado nun 12,5 %, na acción S14 para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, a 1 de xaneiro do 2025, dunha taxa por depuración de augas residuais debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.

Ademais, para mellorar a operatividade a concesionaria incentiva a acción S12, que se identifica coa limpeza de fosas, si o concello comunica a realización da limpeza en común de lotes de 6 a 11 fosas terá unha bonificación 4% , entre 12 a 18, bonificación 7%, e si son máis de 18 actuacións, a bonificación será do 10%.

Para axilizar a acción de limpeza depósitos A26 (a, b y c) e sempre que se pida de modo conxunto propónse a seguinte bonificación, en lote de 5 a 7 depósitos unha bonificación do

5%, de 8 a 11 depósitos un 10% de bonificación e máis de 12 depósitos un 15 % de bonificación. O único requisito que as entidades soliciten a limpeza programada e conxunta do número de depósitos para poder ter acceso a bonificación.

- Para o ano 2025 propónse dentro do programa xeral unha nova edición da cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos de Nogueira de Ramuín e O Pereiro de Aguiar para a prestación de asistencia técnica para a xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias e bombeo en fervenza e os seus correspondentes depósitos, sitos en Agra de Arriba - Lamagrande e San Miguel - Faramontaos.

Inclúe como prestación de servizo a asistencia técnica para a xestión do seu funcionamento ordinario, incluíndo o mantemento preventivo e correctivo, con reposición e amortización das instalacións e a realización das analíticas necesarias e traslado o SINAC.

En contraprestación, a Deputación trasladará os custos efectivos da enerxía eléctrica repercutindo a parte fixa proporcionalmente entre os concellos e a parte variable da electricidade en función dos metros cúbicos subministrados, ademais de unha parte fixa para

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación íntegra do Programa no BOP.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ADOPTAR MEDIDAS URGENTES CONTRA O RISCO DE INUNDACIÓNS NA PROVINCIA.

A este punto presentou unha emenda o propio Grupo Socialista.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dá conta da seguinte moción:

“O máis recente balance que elabora o Centro de Integración de Datos (CID) da conta de 216 vítimas mortais como consecuencia da Depresión Illada en Niveis Altos (Dana, nas súas siglas en castelán) e inundacións posteriores que afectaron á Comunidade de Valencia o 29 de outubro. A esta cifra hai que engadir sete (7) falecidos en Castela-A Mancha e un (1) en Andalucía, elevando o total de mortos a 224. Ademais, as oficinas ante mortem habilitadas pola Policía Nacional e a Garda Civil contabilizan até 16 expedientes activos por denuncias de desaparición. E o drama non se detén, xa que, alertas da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) de “risco extremo” e “risco importante” de chuvias mediante, no momento de redactar esta Moción as comunidades de Andalucía, Valencia e Cataluña teñen

establecida a situación de aleta máxima do Plan Especial de Inundacións, teméndose o impacto doutra Dana. A pesares do cambio climático e a virulencia dos fenómenos meteorolóxicos, o elevado número de falecidos non é asumíbel no século XXI. Existen sistemas de aviso meteorolóxico elaborados con enorme rigor pola AEMET, cartografías dixitais, excelentes técnicos e profesionais de protección civil, normativas para a previsión e protección nunha pléiade de ámbitos, incluído o hidráulico; leis e plans territoriais que proscriben construír en zonas de risco, unha multiplicidade de vías de comunicación de organismos oficiais que ofrecen mensaxes veraces, e corpos e forzas de seguridade do Estado e a Unidade Militar de Emerxencias (UME), aptos para actuar con rapidez en todo tipo de catástrofes. Amais, hai moita ciencia que analiza e avalía os riscos ao servizo da sociedade. Con tantas ferramentas ao dispor e un acaído mecanismo de información e prevención o número de falecidos non debería ter sido tan elevado. Xunto co principal mal da Dana, que é a perda de vidas humanas, os danos materiais tamén son cuantiosos. Hai que dar conta da destrución de infraestruturas públicas e comunicacións, como estradas, vías férreas, obras hidráulicas e eléctricas, pero tamén de telefonía e Internet, centros educativos e sanitarios. Só en Valencia identificáronse arredor de 1.700 vivendas con danos estruturais que foron declaradas inhabitables tralo impacto da auga e a lama. Non saíron mellor parados vehículos, comercios, industria e cultivos, afectando ao normal funcionamento de milleiros de persoas e da economía da rexión. O Instituto Valenciano de Investigacións Económicas (IVIE) estima que nas 13 poboacións que se teñen visto máis afectadas pola Dana, a meirande parte en Horta Sud, sitúanse un 10% das empresas da provincia de Valencia cun peso moi relevante no emprego e no PIB rexional. MeteoGalicia advirte que é “pouco probable” que Galicia rexistre unhas precipitacións “tan intensas e abundantes”. Emporiso as riadas non son alleas á provincia de Ourense. A comezos do 2023 o impacto das fortes chuvias provocou o desbordamento dos fluxos fluviais e avenidas de auga que orixinaron correntes de terra, grandes covos, desmantelamento zonas de recreo e cuantiosos prexuízos. Víronse afectados concellos coma A Arnoia, A Peroxa, Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Celanova, Cartelle, O Carballiño, Ourense, Ribadavia e Vilar de Barrio. Diante da magnitude dos estragos, o 23 de xaneiro de 2023 a xunta de goberno da Deputación de Ourense adquiriu o compromiso de activar “unha serie de actuacións englobadas no Plan EmergOU”, presentado coma unha iniciativa para “dar resposta ás necesidades dos concellos afectados por riadas, inundacións e desprendementos causados polas intensas chuvias”. EmergOU aspiraba a “canalizar a resposta da administración provincial a situacións de emerxencia e catástrofe” coa mobilización de maquinaria e persoal, equipos técnicos e xurídicos, cun plan de infraestruturas e medidas técnicas, e a conformación dun fondo financeiro para sufragar danos. Case dous anos despois a prevención segue a ser urxente na provincia, onde uns 7.000 inmobles están construídos en zona inundable, segundo datos do Catastro e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. Verín é o concello con máis vivendas en zona inundable (2.691), seguido por Xinzo de Limia (1.330) e O Barco de Valdeorras (1.106). Ata 13 municipios ourensáns revisten perigo “medio-baixo” de inundacións, sumando aos mencionados A Rúa, Barbadás, Beade, Carballada de Avia, Cenlle, Leiro, Monterrei, Ribadavia, e Vilamartín de Valdeorras. Malia a súa obrigatoriedade, destes todos tan só A Rúa, Monterrei e Ribadavia contan cun plan de actuación contra inundacións. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense active de xeito efectivo e inmediato o Plan EmergOU nos termos manifestados na xunta de goberno do 23

de xaneiro de 2023, incluíndo acaídos mecanismos de información, prevención e formación dirixidos tanto a concellos como a veciñanza, tomando en consideración o recente Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal) elaborado pola Xunta. SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense se implique activamente e colabore cos concellos ourensáns de risco “medio-baixo” de inundacións que aínda non dispoñan dun plan de actuación contra inundacións para a urxente elaboración e aprobación do devandito documento”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda do propio Grupo Socialista, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Que a Deputación de Ourense active de xeito efectivo e inmediato o Plan EmergOU nos termos manifestados na Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2023, incluíndo acaídos mecanismos de información, prevención e formación dirixidos tanto a concellos como á veciñanza, tomando en consideración o recente Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal) elaborado pola Xunta.

Segundo.- Que a Deputación de Ourense se implique activamente e colabore cos concellos ourensáns de risco “medio-baixo” de inundacións que aínda non dispoñan dun plan de actuación contra inundacións para a urxente elaboración e aprobación do devandito documento, habilitando a partida necesaria e suficiente na primeira modificación de crédito do orzamento 2025, para financiar os plans dos concellos que o soliciten.

Terceiro.- Solicitar da Xunta de Galicia, nomeadamente da Consellería de Presidencia, a súa implicación económica e técnica para a redacción dos plans de risco de inundación municipal nos concellos ourensáns, así como para o desenvolvemento destes a través da posta en marcha do programas e cursos formativos para o persoal dos distintos niveis de intervención en emerxencias a través da Academia Galega de Seguridade pública.

10º.- MOCIÓN DO BNG PARA A MELLORA DA ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL E DA LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

D.ª María Xosé Mangana Guede, do BNG, dá conta da seguinte moción:

“Este mes de novembro, co gallo de 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia machista, observamos como os datos de violencia neste país e nas comarcas ourensás non

deixou de medrar. En Galiza levamos xa tres feminicidios este ano, o de Andre Yturri, o de Mercedes Ríos e recentemente o de Fadoua Akkar, segundo datos oficiais, cifras que se incrementarán cando sexan esclarecidos os casos pendentes. Desde o ano 2010 son máis de 70 as mulleres asasinadas en Galiza. Estes datos demostran que a violencia non cesa e tamén que cada ano hai cada vez máis indiferenza ante o terrorismo machista por parte das institucións, convertendo o 25 de novembro como unha mera declaración ritual, como se a violencia machista e os feminicidios fosen algo inevitábel. Desde o BNG levamos anos demandando medidas nas institucións das que facemos parte para atallar a violencia machista, para deseñar programas de visibilidade, para sensibilizar sobre esta lacra que acaba coas nosas vidas. E, entendemos que a Deputación de Ourense, no marco das súas competencias, debería destinar maiores recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e sexan quen de fomentar a participación cidadá nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero. É por isto que desde o BNG acreditamos no desenvolvemento de programas de investimento en igualdade, os datos da provincia, en tanto que avellentada e dispersa, demostran que non son suficientes os recursos que destinan desde o Estado para violencia machista, tamén non o son os que se destinan desde a Xunta de Galiza. Defendemos que a Deputación tamén ten que poñer o seu gran de area alén de cubrir o destinado no capítulo de Acción Social e Igualdade. Desde o BNG, neste contexto, queremos reivindicar o traballo que desenvolven as entidades e asociacións con perspectiva de xénero e conciencia feminista, deseñando programas de prevención e socialización, desenvolvendo plans que fomenten a igualdade, dando información e asistencia a mulleres vítimas de violencia machista. O labor que se fai neste sentido ten un valor incalculable para o combate da violencia machista e debemos entender que o machismo é transversal en todas as nosas vidas. O resultado do traballo que levan desenvolvendo estas entidades neste territorio é o que non conseguiron as administracións: achegar discursos feministas e con perspectiva de xénero a calquera recuncho do territorio, favorecer a creación de espazos de mulleres, desenvolver obradoiros, faladoiros, actividades de calquera tipo que servisen para concienciar. Tamén levar asistencia a mulleres vítimas de violencia machista, axilizarlles os trámites con outras administracións e con esta para que non sexan revitimizadas, acompañar a mulleres. Por isto, acreditamos que tamén desde aquí ten que haber unha aposta polo tecido asociativo de entidades sen ánimo de lucro, de economía social e cooperativas da provincia para que poidan desenvolver actividades tan necesarias por todo o territorio para que poidan desenvolver, desde o lugar onde estean, políticas de sensibilización e promoción da Igualdade, porque sen recursos e sen proximidade, non poderemos avanzar contra a lacra da violencia machista. Para favorecer a actuación das entidades próximas, debemos centrarnos en apoiar o noso tecido asociativo local e comarcal, tecido que é o que de verdade vertebrar a realidade do noso país e do noso territorio, cun obxectivo claro de defensa dos dereitos das mulleres e de sensibilización contra a violencia machista e que moitas veces queda invisibilizado fronte ás grandes asociacións corporativas. Desde o Grupo Provincial do BNG

propoñemos a adopción dos seguintes acordos: 1. Instar ao Goberno Provincial a aumentar a dotación económica da partida de Subvencións para proxectos de entidades sen ánimo de lucro para a atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade social así como a modificación das bases para a creación dunha nova liña que dedique fondos para a prevención, sensibilización e fomento da igualdade de xénero. 2. Instar á Xunta de Galiza a dedicar o 1% dos seus Orzamentos 2025 para a loita contra a violencia machista. 3. Instar ao Goberno Provincial a que na vindeira Comisión de política social se modifiquen as axudas así como a modificación do comité de avaliación das mesmas”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (3) e do Grupo Socialista (6), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención de DO (2).

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de outubro de 2024.

- Dáse conta das modificacións realizadas no Plan CooperoOU a instancias dos concellos.
- Dáse conta da acta do xurado do Premio Otero Pedrayo 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

E, ás 13.57 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo

4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

<iframe width="560" height="315" src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2024/11/29/Grabando_en29-11-2024/video_202411290959000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>

<https://videoacta.depourense.gal/?pleno=20241129>